

O xefe da Garda Civil en Galicia despídese do presidente do Parlamento

Santiago, 18 de xullo de 2018.- O xeneral de brigada Ángel Alonso Miranda, ata o de agora xefe da Garda Civil en Galicia, efectuou este mediodía unha visita protocolaria de despedida ao presidente do Parlamento, Miguel Ángel Santalices Vieira.

O xeneral Alonso Miranda, natural de Verín, deixa a xefatura da Garda Civil en Galicia logo de ser designado para dirixir o Centro de Intelixencia contra o Terrorismo e o Crime Organizado (CITCO).

O presidente do Parlamento desexou éxito ao xeneral Alonso no seu novo destino.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.